



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

COMUNICADO Nº 019/21
3 DE FEBREIRO DE 2021

□ A COMUNICACIÓN PÚBLICA DAS SANCIÓNIS:

A comunicación pública das resolucións sancionadoras emitidas polos órganos xurisdiccionais das Federacións, ou Comités Autonómicos dependentes da Administración, teñen que conxugar a publicación das resolucións sancionadoras co dereito a honra e intimidade persoal, así como con toda a regulación sobre protección de datos existentes na actualidade.

De maneira xenérica, e según dispón o Artigo 48 do Real Decreto 1591/1992 de 23 de decembro sobre disciplina deportiva, con independencia da notificación persoal, poderá acordarse a comunicación pública das resolucións sancionadoras, sempre que se respete o dereito a honra e a intimidade das persoas conforme a legalidade vixente. Esta norma, polo tanto, estaría facultando aos Comités de Disciplina Deportiva da Federación e Comité Autonómico dependente da Administración a publicar as sancións que impoñan baixa as súas xurisdicións.

Non obstante podense conxugar a publicación das resolucións sancionadoras co dereito a honra e a intimidade persoal, e con toda a regulación sobre protección de datos existente na actualidade.

En primeiro lugar, a “Agencia Española de Protección de Datos” (AEPD) xa se pronunciou no seu día a través dun informe xurídico, número 67/2008, efectuado por unha consulta plantexada ao efecto da posibilidade de publicación en aberto das sancións impostas polos órganos de xurisdiccionais dunha federación ou comité. En resúmen, a AEPD viña a establecer a necesidade de que nos Estatutos da Federación constase expresamente a posibilidade de publicalas sancións por parte do correspondente comité disciplinario a parte da notificación persoal o interesado. Así, no caso de que o deportista se integrase na correspondente federación para levar a cabo a práctica do deporte e dos estatutos da propia federación así o tiveran previsto expresamente, no caso de imposición de sancións en materia de disciplina, a adscrición a federación implicará a aceptación e libre asunción por parte do deportista do feito de que as sancións serán obxecto da debida publicidade. No mencionado informe, a AEPD consideraba este suposto incardinado no Artigo 11.2c da antiga e xa derogada LO 15/1999 sobre datos persoais.

Nova Lei reguladora dos datos persoais (LOPDGDD 3/2018, do 5 de decembro) e o regulamento da Unión Europea tamén de aplicación sobre dita materia (RGPD 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril) cabría plantexarnos se e suficiente a mera regulación expresa nos Estatutos Federativos da posibilidade de comunicar de maneira pública as sancións dos seus membros, e onde queda o consentimento da persoa tan amplamente regulado en ditas normativas. En concreto, e tendo en conta a premisa de que as resolucións sancionadoras comprenden datos persoais que as Federación e os Comités deben protexer, o Artigo 5 do RGPD establece que os datos persoais serán tratados con:

- Licidade, lealdade e transparencia
- Limitación da finalidade
- Minimización de datos



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

- Exactitude
- Limitación do prazo de conservación
- Integridade e confidencialidade

E pola súa parte, o Artigo 6.1 do mencionado RGPD establece os supostos que permiten considerar lícito o tratamento de datos persoais:

- O interesado deu o seu consentemento para o tratamento.
- O tratamento é necesario para a execución dun contrato no que é parte.
- O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal do responsable.
- O tratamento é necesario para protexer intereses vitais.
- O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada e interés público.
- O tratamento é necesario para a satisfacción de intereses lexítimos perseguidos polo responsable ou por un terceiro.

Así, para a súa comunicación pública dunha sanción deportiva por parte dunha Federación ou Comité poda ser considerada como un tratamento “lícito”, non bastaría con aparecer regulada nos estatutos federativos, pois dificilmente o suposto podería incardinarse nos apartados B) a F) anteriormente descritos, senon que sería necesario o “consentimento” do federado ou federada para a súa licitude, tal como establece o apartado A). E, ¿Cómo debe selo consentemento?. O Artigo 6 da LOPEDPGDD 3/2018 establece que, “que conformidade co disposto no artigo 4.1 do RGPD 2016/679, entendese por consentimento do afectado toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que éste acepta, xa sexa mediante unha declaración ou unha clara acción afirmativa, o tratamento de datos persoais que conciernen”.

Tendo en conta a anterior normativa, bastaría con que a persoa federada dera o seu consentimento para que as sancións que lle foran impostas poideran publicarse pola parte dos órganos xurisdiccionais federativos ou dos comités; e, o modo para arlo seu consentimento expreso puidera ser o momento no que suscribera a correspondente licenza federativa. Deste xeito sería considerado como un tratamento “lícito” según a vixente normativa de protección de datos.

Con elo evitaríase unha posible imposición de sancións por parte da “autoridade competente” a Federación correspondente por un tratamento incorrecto dos datos da persoa federada. O Artigo 72.1b) da LOPDGD sinala que “En función do que establece o Artigo 83.5 do RGPD considéranse moi graves as infraccións que supoñan unha vulneración sustancial dos artigos mencionados en aquel e, en particular: B) O tratamento de datos persoais sen que concorra algunha das condicións de licitude do tratamento establecido no artigo 6 do RGPD.

Por último, e enfiando mais fino, en diversos dos seus informes xurídicos, a AEPD insistiu en que a imposición por parte dos Comités Disciplinarios das sancións dos federados ou federadas non implican necesariamente unha publicidade “xeral” das mesmas, senon que o seu coñecemento debería producirse polos suxeitos que teñen a necesidade de coñecerlas.

Polo tanto, a pesar de que os Estatutos Federativos, e normas dos Comités de Xustiza Deportiva, recollan aquela previsión de comunicación pública e aun dispoñendo do consentimento do interesado, a publicación das resolucións sancionadoras deberían



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

AON
Empower Results®

Allianz

MARKEL



**DEPORTE
GALEGO**



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

realizarse , **non en aberto para calqueira terceiro externo a Federación como unha divulgación xeral e pública da sanción**, senón mediante un sistema que garantice o coñecemento daquelas sancións só para persoas federadas que tiveran un interese directo na competición e, en definitiva, para aquelas persoas cuio coñecemento poidera serlle de interese por estar dentro da estrutura federativa. Algunhas federacións crearon un sistema telemático de “intranet” mediante o cal o acceso o coñecemento das resolucións sancionadoras dos Comités de Xustiza Deportiva realizaránse a través dunha clave de acceso que só dispoñen as persoas autorizadas. Con elo protexense os datos persoais dos federados e federadas, pois o seu tratamento realizase tendo en conta, non só a liceitude daquel tratamento, senon a limitación da finalidade, a integridade e a confidencialidade do mesmo.

Dictamen de Dona Sonia Navarrete

Avogada Especializada en Protección de Datos e Comercio Electrónico.

<https://iusport.com/art/76712/la-comunicacion-publica-de-las-sanciones-federativas>